N mero 622 VI lexislatura 7 de setembro de 2004

Fasc culo 1

SUMARIO

Fasc culo 1

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposici ns de lei

1.2.1. Proxectos de lei

— Proxecto de lei de creaci n do Colexio Profesional de Tecn logos dos Alimentos de Galicia

Doc. 17162 39268

Fasc culo 2

3. Procedementos de control e impulso

3.2. Comunicaci ns da Xunta de Galicia

— Plan xeral de normalizaci n da lingua galega

Doc. n m. 17629 39284

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposici ns de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Proxecto de lei de creaci n do Colexio Profesional de Tecn logos dos Alimentos de Galicia

Doc. 17162

Presidencia

A Xunta de Galicia presentou, o d a 11 de agosto de 2004, no Rexistro do Parlamento de Galicia o Proxecto de lei de creaci n do Colexio Profesional de Tecn logos dos Alimentos de Galicia.

A Mesa, conforme o establecido no artigo 111.2 do Regulamento da C mara, disp n a s a publicaci n no *Bolet n Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura dun prazo de quince d as h biles para a presentaci n de emendas, que remata o d a 24 de setembro de 2004.

As mesmo, o da a Xunta de Portavoces, na reuni n do d a 1 de setembro de 2004, acordou a s a tramitaci n na Comisi n 7.ª, Agricultura, Alimentaci n, Gander a e Montes.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2004
Jos Mar a Garc a Leira
Presidente

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

XACOBEO 2004
Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
11 AGO. 2004
Núm.: 17162

RS/mv

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "***Proxecto de Lei de creación do Colexio Profesional de Tecnólogos dos Alimentos de Galicia***", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 29 de xullo de 2004.

Asemade achégase a certificación expedida polo Secretario do Consello co Visto e Prace do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos ós que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2004.

O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA,

Asdo.: Jaime Pita Varela.

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia.-

XUNTA DE GALICIA

JAIME PITA VARELA, CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vintenove de xullo de dous mil catro adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aproba-lo *Proxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Tecnólogos dos Alimentos de Galicia* e a súa remisión ó Parlamento de Galicia".

E para que conste asina a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela, a vintenove de xullo de dous mil catro.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

XUNTA DE GALICIA

XACOBEO 2004 Galicia

PROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO PROFESIONAL DE TECNÓLOGOS DOS ALIMENTOS DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

XACOBEO 2004
Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante Real Decreto 1463/1990, de 26 de febreiro, do Ministerio de Educación e Ciencia estableceuse o título universitario oficial de Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, e de conformidade co Real Decreto 1497/1987, de 27 de novembro, establecéronse as directrices xerais comúns dos plans de estudios de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

As ensinanzas que se cursan para a obtención do título oficial procuran unha formación adecuada nos aspectos básicos e aplicados dos alimentos e as súas propiedades, así como a súa producción e elaboración para o consumo.

A Asociación de Licenciados en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos de Galicia presentou unha solicitude para a creación do Colexio Profesional de Tecnólogos dos Alimentos de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 150.2 da Constitución Española, a Lei Orgánica 16/1995, de 27 de decembro, de transferencias de competencias á comunidade autónoma galega, transfire no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de Corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

XUNTA DE GALICIA

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real Decreto 1643/1996, do 5 de xullo e asumiuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia dictou en virtude da devandita competencia a Lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co seu artigo 11 a creación de colexios profesionais, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, farase por lei do Parlamento galego. Considérase oportuna e necesaria a creación deste colexio profesional, logo da apreciación por parte do Goberno autonómico do interese público, respecto das actividades profesionais que engloba a ciencia e tecnoloxía dos alimentos nas que o seu exercicio esta condicionado á posesión do título oficial de Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, que acredita a cualificación e habilita legalmente para o seu exercicio.

Coa creación do colexio profesional de tecnólogos dos alimentos de Galicia garantirase que o exercicio desta profesión se axuste ás normas e regras que aseguren tanto a eficacia como a eventual responsabilidade en tal exercicio, e polo tanto queda así garantida a derradeira finalidade que é a protección dos dereitos dos cidadáns.

A lei divídese nunha exposición de motivos, tres artigos titulados respectivamente: obxecto, ámbito territorial, ámbito persoal; unha disposición adicional, dúas disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

XUNTA
DE GALICIA

Artigo 1º.- Obxecto.

Créase o Colexio Profesional de Tecnólogos dos Alimentos de Galicia, como corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

XUNTA DE GALICIA

XACOBEO 2004 Galicia

Artigo 2º.- Ámbito territorial.

O ámbito de actuación do colexio é o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

XUNTA DE GALICIA

XACOBEO 2004 Galicia

Artigo 3º.- Ámbito persoal.

1. Poderán integrarse no Colexio Profesional de Tecnólogos dos Alimentos de Galicia todos aqueles que estean en posesión do título de licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos establecido polo Real Decreto 1463/1990, de 26 de febreiro, ou título estranxeiro equivalente debidamente homologado.

2 . Será requisito para exercer a profesión de tecnólogo dos alimentos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a incorporación ó Colexio Profesional de Tecnólogos dos Alimentos de Galicia cando o domicilio profesional único ou principal radique nesta Comunidade Autónoma.

XUNTA DE GALICIA

XACOBEO 2004 Galicia

Disposición adicional.

Quedan exceptuados da incorporación obrigatoria ó Colexio Profesional de Tecnólogos dos Alimentos de Galicia, os profesionais titulados vinculados coa administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral, para o exercicio de funcións puramente administrativas nin para a realización de actividades propias da correspondente profesión por conta da administración á que pertenzan, cando o destinatario inmediato daquelas sexa esa administración.

XUNTA DE GALICIA

XACOBEO 2004 GALICIA

Disposición transitoria primeira.

As Asociacións de Licenciados en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos con representación en Galicia designarán unha Comisión Xestora que, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, aprobará uns estatutos provisionais do Colexio Profesional de Tecnólogos dos Alimentos de Galicia. Nos citados estatutos deberá regularse a convocatoria e o funcionamento da asemblea colexial constituínte, da que formarán parte todos os profesionais que, conforme ó disposto na presente lei, poidan adquirir a condición de colexiados.

A convocatoria da asemblea constituínte deberá anunciarse, como mínimo, con vinte días de antelación no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior difusión de Galicia.

XUNTA
DE GALICIA

XACOBEO 2004
Galicia

Disposición transitoria segunda.

1. A Asemblea Constituínte, no prazo de seis meses dende a aprobación dos estatutos provisionais, elaborará e aprobará os estatutos definitivos do Colexio Profesional de Tecnólogos dos Alimentos de Galicia e elixirá ós membros dos órganos colexiais de goberno.

2. Os devanditos estatutos, logo de seren aprobados, xunto coa acta da asemblea constituínte, remitiránselles á consellería competente en materia de colexios profesionais para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación da súa legalidade, aprobación que será competencia do Consello da Xunta de Galicia, publicándose no Diario Oficial de Galicia o decreto aprobatorio e os correspondentes estatutos.

XUNTA DE GALICIA

XACOBEO 2004 Galicia

Disposición derradeira

Esta Lei entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Asdo.: Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, RR.II. e Administración Pública.

BOLET N OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
   1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
   1.2 PROXECTOS E PROPOSICI NS DE LEI
   1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CAR CTER INSTITUCIONAL
   2.1 INVESTIDURA
   2.2 MOCI N DE CENSURA
   2.3 CUESTI N DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
   3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICI NS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
   3.2 COMUNICACI NS DA XUNTA DE GALICIA
   3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
   3.4 ACORDOS, RESOLUCI NS OU PROPOSTAS DE COMISI NS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACI N
   3.5 MOCI NS
   3.6 PROPOSICI NS NON DE LEI
      3.6.1 PROPOSICI NS NON DE LEI EN PLENO
      3.6.2 PROPOSICI NS NON DE LEI EN COMISI N
   3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCI N
   3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECON MICO E ORZAMENTARIO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACI N
   4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
   4.2 INTERPELACI NS
   4.3 PREGUNTAS
   4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
   4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS

5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCI NS E RGANOS
   5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCI N DE PROXECTOS DE LEI
   5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
   5.3 VALEDOR DO POBO
   5.4 CONSELLO DE CONTAS
   5.5 OUTRAS INSTITUCI NS E RGANOS

6. ELECCI NS, DESIGNACI NS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
   6.1 SENADORES EN REPRESENTACI N DA COMUNIDADE AUT NOMA
   6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
   6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
   6.4 TERNA PARA A PROVISI N DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
   6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
   6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACI N DA COMPA A DE RADIO-TELEVISI N DE GALICIA
   6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISI N ESPA OLA EN GALICIA
   6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
   6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
   6.10 DELEGACI N PARA A DEFENSA DE PROPOSICI NS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
   6.11 OUTRAS ELECCI NS, DESIGNACI NS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

7. COMPOSICI N DO PARLAMENTO, R XIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACI N E FUNCIONAMENTO
   7.1 COMPOSICI N DO PARLAMENTO E OS SEUS RGANOS
   7.2 R XIME E GOBERNO INTERIOR
   7.3 ORGANIZACI N E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

8. ADMINISTRACI N PARLAMENTARIA
   8.1 ORGANIZACI N E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACI N PARLAMENTARIA
   8.2 PERSOAL
   8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACI N PARLAMENTARIA

9. INFORMACI NS E CORRECCI NS DE ERROS
   9.1 INFORMACI NS
   9.2 CORRECI NS DE ERROS

Edici n e subscrici ns: Servicio de Publicaci ns do Parlamento de Galicia.
H rreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresi n e distribuci n: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coru a.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727